

1. Ca solicitude de admisión ordinaria en centros docentes sostidos con fondos públicos (ED550 B – Anexo II) deberase achegar:

- ⊕ Anexo I-bis ou anexo II-bis (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora)
- ⊕ Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familias. En caso de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor

2. Cando o número de solicitudes de admisión presentadas en prazo sexa superior ao de postos dispoñibles no centro, deberase achegar ao colexio a seguinte documentación xustificativa, por cada criterio computable na solicitude.

a. Domicilio Familiar: Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio foi inferior a 1 ano deberá achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).

b. Lugar de traballo:

b.1. Persoa traballadora por conta allea: contrato de traballo en que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano naturas do procedemento de admisión.

b.2. Persoa traballadora por contra propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo.

b.3. Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.

c. Renda per cápita da unidade familiar: Base imponible xeral: Casiña 435+ Casiña 460 do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio 2023, divida entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2025.

Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual 2023: 7.200.00.-€

d. Familia monoparental: Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia ou da autoridade competente doutras administracións públicas.

- e. Discapacidade:** Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.
- f. Víctima de violencia de xénero:** De acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Calquera dos documentos indicados no devandito artigo son idóneos para acreditar a situación.
- g. Víctima de terrorismo:** De acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo. Calquera dos documentos indicados no devandito artigo son idóneos para acreditar a situación.

A Coruña, 24 de febreiro de 2025